



Guía Docente

Datos Identificativos					2022/23
Asignatura (*)	Técnicas de investigación aplicadas e fontes documentais para o estudo das migracións			Código	615472109
Titulación	Mestrado Universitario en Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	2	
Idioma	CastelánGalegoInglés				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación				
Coordinación		Correo electrónico			
Profesorado		Correo electrónico			
Web	http://carmenlamela.wordpress.com				
Descrición xeral	A materia dedícase a repasar as principais técnicas para a investigación social cualitativa aplicada ao estudo das migracións internacionais.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A6	Dominar as principais fontes de documentación estatística e bibliográfica que lle permita manterse informado e iniciar e programar estudos exploratorios sobre temáticas relacionadas coas migracións internacionais
A7	Coñecer as virtudes e as limitacións das principais fontes e indicadores estatísticos para a descrición dos movementos migratorios en distintos contextos territoriais e na súa evolución temporal
A8	Comprender o potencial das distintas técnicas de investigación social para o estudo das migracións internacionais así como os condicionamentos deontolóxicos profesionais.
A9	Manexar os conceptos fundamentais no estudo das migracións internacionais
A11	Ter suficiente capacidade de abstracción para presentar o fenómeno migratorio dende unha perspectiva macro-sociolóxica e na súa relación máis ampla coa estrutura social e o mercado de traballo
B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
B6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse
B7	Resolver problemas de forma efectiva
B8	Comunicarse de xeito efectivo nun ámbito de traballo
B9	Traballar de forma autónoma con iniciativa
B10	Traballar de forma colaboradora
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional
B12	Capacidade para interpretar, seleccionar e valorar conceptos adquiridos noutras disciplinas do ámbito social
B13	Capacidade para a aprendizaxe de novos métodos e teorías, que doten dunha gran versatilidade para adaptarse a novas situacións
B15	Capacidade para resolver problemas con iniciativa, toma de decisións, creatividade, razoamento crítico e de comunicar e transmitir coñecementos, habilidades e destrezas
C1	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Interpretar os debates teóricos relacionados coas técnicas de investigación nas ciencias sociais.	AM9	BM3 BM11	
Reflexionar sobre a variedade de paradigmas e perspectivas na investigación cualitativa para saber escoller as máis adecuadas a cada estudo de caso.	AM9 AM11	BM1 BM6 BM8 BM12 BM13 BM15	CM5
Aplicar as técnicas de investigación cualitativas máis relevantes, interpretar e analizar os seus resultados: observación participante, grupo de discusión e entrevista en profundidade	AM6 AM7 AM8 AM9	BM1 BM3 BM6 BM7 BM8 BM10 BM11 BM13 BM15	CM1 CM5
Deseñar as estratexias metodolóxicas en estudos cualitativos que consisten en: formular o problema, tomar decisións muestrales, formas de obtención, análise e presentación dos datos.	AM6 AM7 AM8	BM1 BM3 BM6 BM7 BM9 BM10 BM11 BM13	CM1 CM5

Contidos	
Temas	Subtemas
Introdución sobre metodoloxía e técnicas en CCSS	Perpectivas históricas sobre a xénese e desenvolvemento da investigación nas ciencias sociais. Paradigmas e persectivas na investigación cuantitativa vs. cualitativa
Técnicas de investigación cualitativas: observación, grupos de discusión e entrevistas en profundidade.	Formulación do problema a investigar, formas cualitativas de obtención da información e análise dos seus resultados.
Estratexias metodolóxicas nos estudos cualitativos	Deseñar unha investigación cualitativa: formulación do problema, decisións muestrales, formas de obtención da información, análise e presentación dos datos.
As entrevistas cualitativas aplicadas ao estudo das migracións.	Fundamentos metodolóxicos, deseño da entrevista, selección da mostra, o traballo de campo e a análise.
A investigación documental.	Técnicas de lectura e documentación.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba de ensaio	A6 A7 A8 A9 A11 B1 B3 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B15 C1 C5	0	0	0
Atención personalizada		50	0	50



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Proba de ensaio	Proba escrita sobre a utilización das entrevistas en profundidade na análise das migracións internacionais. Este ensaio é o que se utilizará para a avaliación da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba de ensaio	Atención personalizada aos problemas que cada alumno se lle expoñan no transcurso dos exercicios.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de ensaio	A6 A7 A8 A9 A11 B1 B3 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B15 C1 C5	Modalidade presencial e non presencial: Breve ensaio sobre os usos, vantaxes e limitacións das entrevistas cualitativas. O alumno/a debe explicar estes aspectos dende unha perspectiva crítica. Poden utilizarse os materiais documentais da moodle e as referencias bibliográficas do programa. Máximo: 4000 palabras. Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao inicio do curso un calendario específico de titorías compatible coa súa dedicación	100

Observacións avaliación

--

Fontes de información

Bibliografía básica	Vallés, M.S. (2003) Técnicas cualitativas de investigación social. Reflexión metodológica y práctica profesional. Madrid: Síntesis. A principios de curso entregarase unha bibliografía especializada e asignarán lecturas, as cales serán subidas a moodle para que estean a disposición do alumnado non presencial.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

--

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías